

REPASO MORFOLOXÍA I:

O SUBSTANTIVO E O ADXECTIVO CUALIFICATIVO

SUBSTANTIVO

- Categoría gramatical variable en xénero e número.
- Desempeña a función de NÚCLEO de sintagma substantivo.
- Designa seres animados ou inanimados, ideas, sentimentos...

1. XÉNERO:

1.1. Son de xénero feminino:

- **A maioría das árbores froiteiras e os seus froitos:** a laranxeira - a laranxa, a pereira - a pera, a nogueira - a noz, a cerdeira - a cereixa... **EXCEPCIÓNS:** a figueira - o figo, o limoeiro - o limón...
- **Os substantivos rematadas en –axe:** a paisaxe, a viaxe, a tatuaxe... **EXCEPCIÓNS:** o paxe, o traxe, o garaxe e o personaxe (que tamén pode ser feminino).
- **Os substantivos rematados en –se e –ite:** a análise, a tese, a eclipse, a otite, a elite... **EXCEPCIÓNS:** o convite, o interese...
- **Outros substantivos:** a auga, a alma, a aguia, a acne, a aula, a ave, a árbore, a arte, a calor, a cor, a dor, a fame, a fraude, a fronte, a marxe, a orde, a orixe, a ponte, a reuma, a síndrome, a suor, a canle...

1.2. Son de xénero masculino:

- **Os nomes das letras:** o be, o que, o te...
- **Os substantivos rematados en –ote:** o dote, o bote, o lote... **EXCEPCIÓNS:** a glote.
- **Os substantivos rematados en –me:** o arame, o crime, o cume, o exame, o fume, o legume, o costume... **EXCEPCIÓNS:** a fame, a síndrome, a servidume, a mansedume...
- **Outros substantivos:** o cal, o cárcere, o couce, o cuspe, o diadema, o fel, o labor, o leite, o mar, o mel, o nariz, o sangue, o sinal, o sal, o sorriso, o ubre...

1.3. Varían de xénero:

- Masculino: **-o, -e** / Feminino: **-a** : neno / nena, mestre / mestra...
- Masculino: **-ó, -r, -l, -z, -s** / Feminino: **-a**: avó / avoa, doutor / doutora, español / española, rapaz / rapaza, marqués / marquesa...
- Masculino rematado en **-n**:
 - o Masculino **-án** / Feminino **-á**: irmán / irmá, capitán / capitá, cidadán / cidadá...
 - o (ocorre nos adxectivos) Masculino **-án** / Feminino **-ana** (de carácter despectivo): testán / testana, folgazán / folgazana...
 - o Masculino **-ón** / Feminino **-oa**: ladrón / ladroa, león / leoa...
 - o (ocorre nos adxectivos) Masculino **-ón** / Feminino **-ona** (aumentativos e / ou con carácter despectivo): cabezón / cabezona, mandón / mandona...
 - o Masculino **-ín** / Feminino **-ina**: bailarín / bailarina...
 - o Masculino **-ún** / Feminino **-una**: euscaldún / euscalduna...
 - o Masculino **-ún** / Feminino **-úa**: vacún / vacúa...
- **O feminino exprésase a partir dun sufixo** (galo / galiña) ou **o masculino e o feminino son palabras totalmente diferentes** (cabalo / egua). A este tipo de substantivos chamámoslles heterónimos. A continuación tes algúns exemplos:

MASCULINO	FEMININO	MASCULINO	FEMININO	MASCULINO	FEMININO
<i>abade</i>	<i>abadesa</i>	<i>cónsul</i>	<i>consulesa</i>	<i>patriarca</i>	<i>matriarca</i>
<i>actor</i>	<i>actriz</i>	<i>diácono</i>	<i>diaconisa</i>	<i>poeta</i>	<i>poetisa</i>
<i>barón</i>	<i>baronesa</i>	<i>emperador</i>	<i>emperatriz</i>	<i>príncipe</i>	<i>princesa</i>
<i>boi/touro</i>	<i>vaca</i>	<i>galo</i>	<i>galiña</i>	<i>profeta</i>	<i>profetisa</i>
<i>cabalo</i>	<i>egua</i>	<i>grou</i>	<i>grúa</i>	<i>rei</i>	<i>raíña</i>
<i>cabaleiro</i>	<i>dama</i>	<i>heroe</i>	<i>heroína</i>	<i>sacerdote</i>	<i>sacerdotisa</i>
<i>can</i>	<i>cadela</i>	<i>home/marido</i>	<i>muller</i>	<i>tsar</i>	<i>tsarina</i>
<i>carneiro</i>	<i>ovella</i>	<i>macho</i>	<i>femia</i>	<i>vampiro</i>	<i>vampiresa</i>
<i>castrón</i>	<i>cabra</i>	<i>padrasto</i>	<i>madrasta</i>	<i>xenro</i>	<i>nora</i>
<i>compadre</i>	<i>comadre</i>	<i>padriño</i>	<i>madríña</i>	<i>xograr</i>	<i>xograresa</i>
<i>conde</i>	<i>condesa</i>	<i>pai</i>	<i>nai</i>	<i>xudeu</i>	<i>xudía</i>

1.4. Substantivos invariables (cunha única forma para masculino e feminino):

- O xénero vén expresado a través do artigo ou dos adxectivos: o / a herexe, o / a mártir, o / a dentista, bo / boa estudante...
- A este tipo de substantivos chamámoslles sincréticos.

- Cun só xénero gramatical desígnase indistintamente o home ou a muller, ou o macho e a femia: a vítima (home) / (muller), o corvo (macho) / (femia)...

A este tipo de substantivos chamámoslles epicenos.

1.5. Substantivos en que a oposición de xénero implica un cambio de significado en relación a:

- Tamaño e / ou forma: barco / barca, machado / machada, horto / horta...
- Cantidade: froito / froita, gran / gra...
- Distinción de obxectos: zapato / zapata, manto / manta...
- Diferenza de significado: o cólera / a cólera...

2. NÚMERO:

2.1. Regras de formación do plural:

Singular	Plural	Exemplos
Rematan en vogal	Engaden -s	café / cafés, noite / noites, lei / leis...
Rematan en -n		canón / canóns, irmán / irmáns...
Substantivos graves e esdrúxulos rematados en -s	Invariables	o / os atlas, o / os mércores...
Substantivos agudos rematados en -s	Engaden -es	compás / compases, deus / deuses...
Substantivos rematados en -r e -z		muller / mulleres, luz / luces...
Substantivos monosílabos rematados en -l		fol / foles, mal / males...
Substantivos graves rematados en -l		réptil / réptiles, téxtil / téxtiles...
Substantivos agudos de máis de unha sílaba rematados en -l	Cambian o -l por -is	animal / animais, xabaril / xabarís...
Substantivos rematados en grupo consonántico: -ns, -x [ks] e -ps	Invariables	o / os luns, o / os dúplex, o / os bíceps...
Palabras rematadas en consoante diferente de -n, -r, -s, -l, -z (habitualmente cultismos e estranxeirismos)	Engaden -s	complot / complots, pub / pubs...

2.2. Plural das palabras compostas:

- Os dous lexemas que conforman a palabra composta escríbense unidos: engádeselle o morfema flexivo de número correspondente ao segundo elemento tendo en conta as regras anteriores (beirarrúa / beirarrúas, portavoz / portavozes, xiraso^l / xiraso^{les}...)
- Os dous lexemas que conforman a palabra composta escríbense separados:
 - o Substantivo + adxectivo: o plural faise nos dous elementos: garda civil / gardas civís...
 - o Substantivo + substantivo: o plural faise só no primeiro elemento: sofás cama...
- Os dous lexemas van unidos por algún elemento de enlace: o plural faise só no primeiro elemento (panos da cabeza...)

ADJECTIVO CUALIFICATIVO

- Categoría gramatical variable en xénero e número.
- Desempeña a función de NÚCLEO de frase adxectiva.
- Sinala as calidades atribuídas a un substantivo.

GRAOS DO ADJECTIVO:

- **Grao positivo**: indica unha calidade sen comparación nin intensificación: A túa cámara é nova.
- **Grao comparativo**: compara unha calidade con outra. Pode ser de tres tipos. **FÍXATE NAS CONSTRUCCIÓNS QUE SE DEBEN EMPREGAR!**
 - Comparativo de igualdade:
 - o Tan + adxectivo + coma + pronome persoal tónico (min, ti, el / ela, nós, vós, eles / elas): Abel é tan alto coma **min**.
 - o Tan + adxectivo + como + verbo conxugado: A casa é tan fea como **pensaba**.
 - o Tan + adxectivo + como / coma + resto de casos: É tan forte como / coma **teu irmán**.
 - Comparativo de superioridade:
 - o Máis + adxectivo + ca + pronome persoal tónico: Sempre foi máis agradable ca **ti**.
 - o Máis + adxectivo + do que + verbo conxugado: A cadeira está máis vella do que **imaxinaba**.

- Máis + adxectivo + ca / que + resto de casos: Está máis branco ca / que **un fantasma**.
- Comparativo de inferioridade:
 - Menos + adxectivo + ca + pronome persoal tónico: Os desta clase sodes menos ruidosos ca **nós**.
 - Menos + adxectivo + do que + verbo conxugado: Está menos sucio do que **pensaba**.
 - Menos + adxectivo + ca / que + resto de casos: O golf é menos interesante ca / que **o baloncesto**.

LEMBRA: a conxunción comparativa **ca** pode contraer cos artigos determinados o, a, os, as. Cando é así non podemos esquecer poñer o acento gráfico.

	ca
o	có
a	cá
os	cós
as	cás

Desta maneira, é correcto: As miñas rapazas están máis altas **cás** / **ca as** túas.

- **Grao superlativo:** pode ser de dous tipos:

- Superlativo absoluto: atribúe unha característica nun grao moi elevado sen facer unha comparación explícita. Pódese construír de varias maneiras:
 - Engadindo sufixos: facilísimo, paupérrimo...
 - Engadindo prefixos: extragrande, ultrasuave...
 - A partir de adverbios que se colocan diante do adxectivo: moi baixo, ben guapa...
- Superlativo relativo: presenta unha característica no máis alto grao en maior ou menor medida a respecto dun conxunto. Fórmase coas seguintes estruturas:
 - o / a máis + adxectivo + entre / de: Elas son as máis responsables de toda a aula.
 - o / a menos + adxectivo + entre / de: Ánxela é a menos alta entre todas.